

**O CORO DO MESTRE MATEO: A RESURRECCIÓN TECNOLÓXICA DUN MONUMENTO ESENCIAL
PARA A CULTURA GALEGA**

ALEXANDRE GONZÁLEZ RIVAS & ANXO MIJÁN MAROÑO
Universidade de Santiago de Compostela

Cando o coro do mestre Mateo foi desmantelado nos albores do século XVII, desapareceu do panorama artístico europeo un monumento único, deixando atrás un conxunto inxente de fragmentos que se resistiron a desvelar os seus misterios. Ao longo do século XX realizáronse diversos intentos de reconstrución parcial do coro sen chegar a unha solución satisfactoria en canto á súa configuración arquitectónica xeral, estrutura dos sitios, disposición escenográfica e programa iconográfico.

Grazas á confluencia da tecnoloxía máis avanzada e da investigación histórico-artística de vangarda, o proxecto KosmoTech_1200 (USC-CISPAC-Fundación Catedral de Santiago) ofrece unha nova visión do coro do mestre Mateo que redimensiona a súa importancia como un monumento esencial que foi, á vez, testemuño único dun fenómeno clave na historia da música coñecido como “a emerxencia da polifonía” e un dos escenarios inspiradores do nacemento da lírica galega, con cóngos-trobadores da escola compostelá como Osoiro Eanes e Adao Fernandes.

Neste relatorio mostrarase a reconstrución 3D inmersiva de varios sitios do coro mateano elaborada a partir de:

- A ensamblaxe de modelos fotogramétricos de pezas orixinais.
- Anastilose de partes ausentes baseada nun rigoroso estudo histórico-artístico e estrutural.
- Reconstrución das policromías baseada nos restos presentes e na documentación histórico-artística comparativa.
- Recreación do mobiliario mediante un minucioso estudo de pezas contemporáneas.

Ademais, presentarase unha nova reconstrución integral da estrutura arquitectónica do coro, que inclúe a decoración da fachada, a vía sacra, os sitios, as tribunas e escaleiras de acceso, así como as arcadas exteriores e os sistemas de iluminación.